

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

---

*DEPARTAMENTO TECNOLOXÍA*

---

CURSO 2022-2023



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE CULTURA,  
EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

 **I.E.S. Terra de Soneira**

## **Índice**

PROGRAMACIÓN TECNOLOXÍA E TIC .....	2
– <b>Introdución</b> .....	<b>2</b>
Educación secundaria obrigatoria .....	3
– <b>Obxectivos</b> .....	<b>3</b>
– <b>Principios metodolóxicos</b> .....	<b>4</b>
– <b>Competencias básicas</b> .....	<b>6</b>
* Contribución da materia de tecnoloxía ás competencias básicas .....	7
– <b>Currículo da materia de Tecnoloxía</b> .....	<b>9</b>
* 2º de ESO .....	9
* Avaliación inicial .....	12
* Concreción dos obxectivos para 2º de ESO.....	12
* Estándares mínimos de aprendizaxe e temporalización .....	13
* Criterios e procedemento de avaliación .....	14
* 4º ESO.....	16
* Avaliación inicial .....	19
* Concreción dos obxectivos para 4º de ESO.....	19
* Estándares mínimos de aprendizaxe e temporalización .....	21
* Criterios de avaliación .....	22
– <b>Currículo da materia de Tecnoloxías da Información e Comunicación</b> .....	<b>24</b>
* 4º de ESO .....	24
* Avaliación inicial .....	28
* Concreción dos obxectivos para 4º de ESO.....	28
* Estándares de aprendizaxe e temporalización.....	29
* Criterios e procedemento de avaliación .....	31

Ensinanza Secundaria posobligatoria: Bacharelato .....	34
– <b>Obxectivos e principios</b> .....	<b>34</b>
* Obxectivos .....	34
– <b>Principios metodolóxicos</b> .....	<b>35</b>
– <b>Currículo de Tecnoloxías da Información e Comunicación</b> .....	<b>36</b>
* 2º de Bacharelato .....	36
* Concreción dos obxectivos de 2º de Bacharelato .....	38
* Estándares mínimos de aprendizaxe e temporalización .....	39
* Criterios e procedemento de avaliación .....	40
ATENCIÓN A PENDENTES .....	41
ATENCIÓN A ALUMNADO CON N.E.E. ....	41
MECANISMOS DE REVISIÓN E AVALIACIÓN E DE MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA.....	41

## **PROGRAMACIÓN TECNOLOXÍA E TIC**

### **– Introducción**

A presente programación didáctica, elabórase de conformidade co disposto na disposición adicional segunda da RESOLUCIÓN do 17 de xuño de 2021, da Secretaria Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2021-2022

## **Educación secundaria obrigatoria**

### **– Obxectivos**

A educación secundaria obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e nas alumnas as capacidades que lles permitan:

a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.

d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.

e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.

l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.

m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

#### **– Principios metodolóxicos**

O centro elaborará as súas propostas pedagóxicas para esta etapa desde a consideración da atención á diversidade e do acceso de todo o alumnado á educación común.

Así mesmo, arbitrarán métodos que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe, favorezan a capacidade de aprender por si mesmos e promovan a aprendizaxe en equipo.

A metodoloxía didáctica neste etapa será nomeadamente activa e participativa, favorecendo o traballo individual e o cooperativo do alumnado, así como o logro dos obxectivos e das competencias correspondentes.

Procurarase o traballo en equipo do profesorado co obxecto de proporcionar un enfoque multidisciplinar do proceso educativo, garantindo a coordinación de todos os membros do equipo docente de cada grupo.

A intervención educativa debe ter en conta como principio a diversidade do alumnado, entendendo que deste xeito se garante o desenvolvemento de todos/as os/as alumnos/as e mais unha atención personalizada en función das necesidades de cadaquén. Os mecanismos de reforzo, que se deberán pór en práctica tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe, poderán ser tanto organizativos como curriculares.

Prestarase unha atención especial á adquisición e ao desenvolvemento das competencias, e fomentarse a correcta expresión oral e escrita, e o uso das matemáticas. De acordo o disposto no artigo 24.6 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e a comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional traballarase en todas as materias.

Coa finalidade de promover a comprensión de lectura e de uso da información, dedicarase un tempo á lectura na práctica docente de todas as materias.

Promoverase a integración e o uso das tecnoloxías da información e da comunicación na aula, como recurso metodolóxico eficaz para desenvolver as tarefas de ensino e aprendizaxe.

Para unha adquisición eficaz das competencias e a súa integración efectiva no currículo, deberán deseñarse actividades de aprendizaxe integradas que lle permitan ao alumnado avanzar cara aos resultados de aprendizaxe de máis dunha competencia ao mesmo tempo. Para isto, aproveitaranse as posibilidades que ofrecen as metodoloxías de proxectos, entre outras, así como os recursos e as actividades da biblioteca escolar.

## – Competencias básicas

A LOMCE define as seguintes competencias básicas que se consideran necesarias para todas as persoas na sociedade do coñecemento e que se deben traballar en todas as materias do currículo:

### ➔ Competencia en comunicación lingüística

Refírese á utilización da linguaxe como instrumento de comunicación oral e escrita.

### ➔ Competencia matemática

Consiste na habilidade para utilizar e relacionar os números, as súas operacións básicas, os símbolos e as formas de razoamento matemático.

### ➔ Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico

É a habilidade para interactuar co mundo físico, tanto nos seus aspectos naturais como nos xerados pola acción humana. Tamén se relaciona co uso do método científico.

### ➔ Tratamento da información e competencia dixital

Comprende as habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar información, e a utilización das novas tecnoloxías para este labor.

### ➔ Competencia social e cidadá

Fai posible comprender a realidade social en que se vive, cooperar, convivir e exercer a cidadanía democrática nunha sociedade plural, así como participar na súa mellora.

### ➔ Competencia cultural e artística

Supón comprender, apreciar e valorar criticamente diferentes manifestacións culturais e artísticas.

### ➔ Competencia para aprender a aprender

Implica dispor de habilidades para iniciarse na aprendizaxe e ser capaz de continuar aprendendo de xeito cada vez máis eficaz e autónoma, de acordo aos propios obxectivos e necesidades.

### ➔ Autonomía e iniciativa persoal

Supón ser capaz de imaxinar, emprender, desenvolver e avaliar accións ou proxectos individuais ou colectivos con creatividade, confianza, responsabilidade e sentido crítico.

## \* **CONTRIBUCIÓN DA MATERIA DE TECNOLOXÍA ÁS COMPETENCIAS BÁSICAS**

### ► **Sentido de iniciativa e espírito emprendedor**

Esta materia céntrase no modo particular para abordar os problemas tecnolóxicos e en maior medida os que se fomenten para enfrontarse a eles de xeito autónomo e creativa, incídese na valoración reflexiva das diferentes alternativas e prepárase para a análise previa das consecuencias das decisións que se toman no proceso.

As diferentes fases do proceso contribúen a distintos aspectos desta competencia: a formulación adecuada dos problemas, a elaboración de ideas que son analizadas desde distintos puntos de vista para elixir a solución máis adecuada; a planificación e execución do proxecto; a avaliación do desenvolvemento do mesmo e do obxectivo alcanzado; e para rematar, a realización de propostas de mellora. A través desta vía ofrécense moitas oportunidades para o desenvolvemento de calidades persoais como a iniciativa, o espírito de superación, a perseveranza fronte ás dificultades, a autonomía e a autocrítica, contribuindo ao aumento da confianza nun mesmo e á mellora da súa autoestima.

### ➔ **Competencia dixital**

O tratamento específico das tecnoloxías da información e a comunicación, integrado nesta materia, proporciona unha oportunidade especial para desenvolver esta competencia. Contribuirase ao desenvolvemento desta competencia na medida en que as aprendizaxes asociadas incidan na confianza no uso dos computadores, nas destrezas básicas asociadas a un uso suficientemente autónomo destas tecnoloxías e, en definitiva, contribúan a familiarizarse suficientemente con eles. En todo caso, están asociados ao seu desenvolvemento os contidos que permiten localizar, procesar, elaborar, almacenar e presentar información co uso da tecnoloxía. Por outra banda, debe destacarse en relación co desenvolvemento desta competencia la importancia do uso das tecnoloxías da información e a comunicación como ferramenta de simulación de procesos tecnolóxicos e para a adquisición de destrezas con linguaxes específicas, como o icónico ou o gráfico.

### ➔ **Competencia social e cívica**

La contribución á adquisición da competencia social e cidadá no que se refire ás habilidades para as relacións humanas e ao coñecemento da organización e funcionamento das sociedades virá determinada polo modo en que se aborden os contidos, especialmente os



asociados ao proceso de resolución de problemas tecnolóxicos. O alumno ten múltiples ocasións para expresar e discutir adecuadamente ideas e razoamentos, escoitar aos demais, abordar dificultades, xestionar conflitos e tomar decisións, practicando o diálogo, a negociación, e adoptando actitudes de respecto e tolerancia cara aos seus compañeiros. Ao coñecemento da organización e funcionamento das sociedades colabora a materia de Tecnoloxías desde a análise do desenvolvemento tecnolóxico das mesmas e a súa influencia nos cambios económicos e de organización social que tiveron lugar ao longo da historia da humanidade.

➔ Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

O uso instrumental de ferramentas matemáticas, na súa dimensión xusta e de xeito fortemente contextualizada, contribúe a configurar adecuadamente a competencia matemática, na medida en que proporciona situacións de aplicabilidade a diversos campos, facilita a visibilidade desas aplicacións e das relacións entre os diferentes contidos matemáticos e pode, segundo como se expoña, colaborar á mellora da confianza no uso desas ferramentas matemáticas. Algunhas delas están especialmente presentes nesta materia como a medición e o cálculo de magnitudes básicas, o uso de escalas, a lectura e interpretación de gráficos, a resolución de problemas baseados na aplicación de expresións matemáticas, referidas a principios e fenómenos físicos, que resoven problemas prácticos do mundo material.

➔ Competencia lingüística

A contribución á competencia en comunicación lingüística realízase a través da adquisición de vocabulario específico, que ha de ser utilizado nos procesos de procura, análise, selección, resumo e comunicación de información. A lectura, interpretación e redacción de informes e documentos técnicos contribúe ao coñecemento e á capacidade de utilización de diferentes tipos de textos e as súas estruturas formais.

➔ Aprender a aprender

Á adquisición da competencia de aprender a aprender contribúese polo desenvolvemento de estratexias de resolución de problemas tecnolóxicos, en particular mediante a obtención, análise e selección de información útil para abordar un proxecto. Por outra banda, o estudo metódico de obxectos, sistemas ou contornas proporciona habilidades e estratexias cognitivas e promove actitudes e valores necesarios para a aprendizaxe.

➔ Conciencia e expresións culturais

A materia de Tecnoloxías tamén contribúe á consecución da competencia artística e cultural; os proxectos tecnolóxicos deben ter en conta o aspecto estético. As obras de arte, principalmente no caso da arquitectura e da escultura, baséanse no distinto tratamento dos materiais, e na súa construción é necesario o coñecemento do bloque de estruturas. Así, o coñecemento por parte do alumnado destas características técnicas fai que valore moito máis a obra de arte. Por outra banda, os bloques relacionados coa expresión gráfica (debuxo e tratamento gráfico coa axuda do computador) contribuirán tamén a desenvolver esta competencia.

### – Currículo da materia de Tecnoloxía

#### ✱ 2º DE ESO

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias Clave
Bloque 1. Proceso de resolución de problemas tecnolóxicos				
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ b</li> <li>▪ f</li> <li>▪ g</li> <li>▪ h</li> <li>▪ l</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.1. Fases do proxecto tecnolóxico. A tecnoloxía como resposta ás necesidades humanas.</li> <li>▪ B1.2. Deseño de prototipos ou maquetas para resolver problemas técnicos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.1. Identificar e describir as etapas necesarias para a creación dun produto tecnolóxico desde o seu deseño ata a súa comercialización.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ TEB1.1.1. Deseña un prototipo que dá solución a un problema técnico sinxelo, mediante o proceso de resolución de problemas tecnolóxicos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CD</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CSIEE</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ b</li> <li>▪ c</li> <li>▪ d</li> <li>▪ e</li> <li>▪ f</li> <li>▪ g</li> <li>▪ h</li> <li>▪ m</li> <li>▪ o</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.3. Planificación e construción de prototipos ou maquetas mediante o uso responsable de materiais, ferramentas e técnicas axeitadas.</li> <li>▪ B1.4. Traballo en equipo. Distribución de tarefas e responsabilidades. Seguridade no contorno de traballo.</li> <li>▪ B1.5. Documentación técnica. Normalización.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.2. Realizar as operacións técnicas previstas nun plan de traballo utilizando os recursos materiais e organizativos con criterios de economía, seguridade e respecto polo ambiente.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ TEB1.2.1. Elabora a documentación necesaria para a planificación da construción do prototipo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CD</li> <li>▪ CAA</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ TEB 1.2.2. Constrúe un prototipo que dá solución a un problema técnico sinxelo, mediante o proceso de resolución de problemas tecnolóxicos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ TEB 1.2.3. Traballa en equipo de xeito responsable e respectuoso.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>
Bloque 2. Expresión e comunicación técnica				
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ f</li> <li>▪ n</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.1. Bosquexos, esbozos, vistas e perspectivas. Acotación e escalas. Normalización.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.1. Representar obxectos mediante vistas e perspectivas aplicando criterios de normalización e escalas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ TEB2.1.1. Representa mediante vistas e perspectivas obxectos e sistemas técnicos, mediante esbozos e empregando criterios normalizados de acotación e escala.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CAA</li> </ul>

Obxectivos	Contidos	Critérios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias Clave
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ e</li> <li>▪ f</li> <li>▪ n</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.2. Elementos de información de produtos tecnolóxicos: esbozos e bosquejos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.2. Interpretar esbozos e bosquejos sinxelos como elementos de información de produtos tecnolóxicos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ TEB2.2.1. Interpreta esbozos e bosquejos sinxelos como elementos de información de produtos tecnolóxicos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CAA</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ e</li> <li>▪ f</li> <li>▪ h</li> <li>▪ o</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.3. Documentación técnica asociada a un produto tecnolóxico. Aplicacións informáticas de deseño asistido por computador e de simulación.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.3. Explicar mediante documentación técnica as fases dun produto desde o seu deseño ata a súa comercialización.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ TEB2.3.1. Produce os documentos relacionados cun prototipo sinxelo empregando software específico de apoio.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CD</li> <li>▪ CAA</li> </ul>
<b>Bloque 3. Materiais de uso técnico</b>				
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ f</li> <li>▪ h</li> <li>▪ o</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.1. Materiais utilizados na construción de obxectos tecnolóxicos.</li> <li>▪ B3.2. Propiedades dos materiais técnicos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.1. Analizar as propiedades dos materiais utilizados na construción de obxectos tecnolóxicos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ TEB3.1.1. Describe as características propias dos materiais de uso técnico.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ TEB3.1.2. Identifica tipos de materiais con que están fabricados obxectos técnicos cotiás.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CAA</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ e</li> <li>▪ f</li> <li>▪ g</li> <li>▪ m</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.3. Técnicas de traballo cos materiais para a fabricación dos obxectos técnicos. Ferramentas do taller.</li> <li>▪ B3.4. Normas de seguridade e saúde no taller.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.2. Manipular e mecanizar materiais convencionais asociando a documentación técnica ao proceso de produción dun obxecto, respectando as súas características e empregando técnicas e ferramentas adecuadas, con especial atención ás normas de seguridade e saúde.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ TEB3.2.1. Identifica e manipula con seguridade as ferramentas do taller en operacións básicas de conformación dos materiais de uso técnico.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ TEB3.2.2. Elabora un plan de traballo no taller con especial atención ás normas de seguridade e saúde.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>
<b>Bloque 4. Máquinas e sistemas: estruturas, mecanismos e circuitos eléctricos</b>				
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ f</li> <li>▪ h</li> <li>▪ o</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.1. Estruturas: elementos, tipos e funcións.</li> <li>▪ B4.2. Esforzos básicos aos que están sometidas as estruturas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.1. Analizar e describir os esforzos aos que están sometidas as estruturas, experimentando en prototipos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ TEB4.1.1. Describe audiovisual ou dixital, as características propias que configuran os tipos de estruturas, apoiándose en información escrita.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CD</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ TEB4.1.2. Identifica os esforzos característicos e a súa transmisión nos elementos que configuran a estrutura.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CAA</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ f</li> <li>▪ g</li> <li>▪ h</li> <li>▪ o</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.3. Mecanismos de transmisión e transformación do movemento en máquinas e sistemas.</li> <li>▪ B4.4. Relación de transmisión.</li> <li>▪ B4.5. Simuladores de sistemas mecánicos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.2. Identificar operadores mecánicos de transformación e transmisión de movementos en máquinas e sistemas e empregalos para deseñar e montar sistemas mecánicos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ TEB4.2.1. Describe, mediante información escrita e gráfica, como transforman e transmiten o movemento distintos mecanismos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ TEB4.2.2. Calcula a relación de transmisión de elementos mecánicos como as poleas e as engrenaxes.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ TEB4.2.3. Explica a función dos elementos que configuran unha máquina ou un sistema desde o</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CMCCT</li> </ul>

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias Clave
			punto de vista estrutural e mecánico.	
			<ul style="list-style-type: none"> <li>TEB4.2.4. Simula mediante software específico e mediante simboloxía normalizada sistemas mecánicos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> <li>CD</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>TEB4.2.5. Deseña e monta sistemas mecánicos que cumpran unha función determinada.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> <li>CAA</li> <li>CSIEE</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>b</li> <li>e</li> <li>f</li> <li>g</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B4.6. Circuitos eléctricos: compoñentes básicos, funcionamento e simboloxía.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B4.3. Deseñar e simular circuitos eléctricos con simboloxía adecuada e montalos con operadores elementais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>TEB4.3.1. Deseña e monta circuitos eléctricos básicos empregando lámpadas, zumbadores, motores, baterías e conectores.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> <li>CAA</li> <li>CSIEE</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>TEB4.3.2. Deseña circuitos eléctricos básicos, utilizando software específico e simboloxía adecuada, e experimenta cos elementos que o configuran.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> <li>CD</li> <li>CAA</li> <li>CSIEE</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>Bloque 5. Tecnoloxías da información e da comunicación</li> </ul>			
<ul style="list-style-type: none"> <li>f</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B5.1. Elementos dun equipamento informático.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B5.1. Distinguir as partes operativas dun equipamento informático.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>TEB5.1.1. Identifica as partes dun computador.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> <li>CD</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>b</li> <li>e</li> <li>f</li> <li>g</li> <li>h</li> <li>o</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B5.2. Deseño, elaboración e comunicación de proxectos técnicos coas tecnoloxías da información e da comunicación.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B5.2. Utilizar un equipamento informático para elaborar e comunicar proxectos técnicos sinxelos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>TEB5.2.1. Manexa programas e software básicos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> <li>CD</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>TEB5.2.2. Utiliza adecuadamente equipamentos informáticos e dispositivos electrónicos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> <li>CD</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>TEB5.2.3. Elabora, presenta e difunde proxectos técnicos sinxelos con equipamentos informáticos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> <li>CMCCT</li> <li>CD</li> <li>CAA</li> <li>CSIEE</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>b</li> <li>e</li> <li>f</li> <li>g</li> <li>n</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B5.3. Programación de aplicacións informáticas. Estrutura e elementos básicos dun programa informático.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B5.3. Deseñar e elaborar unha aplicación mediante un contorno de programación gráfico, utilizando o proceso de resolución de problemas tecnolóxicos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>TEB5.3.1. Deseña e elabora aplicacións informáticas sinxelas mediante un contorno de programación gráfico.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> <li>CD</li> <li>CAA</li> <li>CSIEE</li> <li>CCEC</li> </ul>

✳ **AVALIACIÓN INICIAL**

Facer unha avaliación inicial dunha materia que o alumnado non viu nunca é un pouco complicado, por iso dita avaliación vai consistir en chequear as ideas e opinións que o alumnado ten da tecnoloxía.

✳ **CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS PARA 2º DE ESO**

Traballaranse todos os obxectivos da ESO fixándonos máis nos seguintes:

a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.

d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.

e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

✱ **ESTÁNDARES MÍNIMOS DE APRENDIZAXE E TEMPORALIZACIÓN**

✱ Bloque 1. Proceso de resolución de problemas tecnolóxicos → 15 horas

Deseña un prototipo que dá solución a un problema técnico sinxelo, mediante o proceso de resolución de problemas tecnolóxicos.

Elabora a documentación necesaria para a planificación da construción do prototipo.

Constrúe un prototipo que dá solución a un problema técnico sinxelo, mediante o proceso de resolución de problemas tecnolóxicos.

Traballa en equipo de xeito responsable e respectuoso.

✱ Bloque 2. Expresión e comunicación técnica → 15 horas

Representa mediante vistas e perspectivas obxectos e sistemas técnicos, mediante esbozos e empregando criterios normalizados de acotación e escala.

Interpreta esbozos e bosquejos sinxelos como elementos de información de produtos tecnolóxicos.

Produce os documentos relacionados cun prototipo sinxelo empregando software específico de apoio.

✱ Bloque 3. Materiais de uso técnico → 20 horas

Describe as características propias dos materiais de uso técnico.

Identifica tipos de materiais con que están fabricados obxectos técnicos cotiás.

Identifica e manipula con seguridade as ferramentas do taller en operacións básicas de conformación dos materiais de uso técnico.

Elabora un plan de traballo no taller con especial atención ás normas de seguridade e saúde.

- \* Bloque 4. Máquinas e sistemas: estruturas, mecanismos e circuítos eléctricos → 35 horas

Describe audiovisual ou dixital, as características propias que configuran os tipos de estruturas, apoiándose en información escrita.

Identifica os esforzos característicos e a súa transmisión nos elementos que configuran a estrutura.

Describe, mediante información escrita e gráfica, como transforman e transmiten o movemento distintos mecanismos.

Calcula a relación de transmisión de elementos mecánicos como as poleas e as engrenaxes.

Explica a función dos elementos que configuran unha máquina ou un sistema desde o punto de vista estrutural e mecánico.

Simula mediante software específico e mediante simboloxía normalizada sistemas mecánicos.

Deseña e monta sistemas mecánicos que cumpran unha función determinada.

Deseña e monta circuítos eléctricos básicos empregando lámpadas, zumbadores, motores, baterías e conectores.

Deseña circuítos eléctricos básicos, utilizando software específico e simboloxía adecuada, e experimenta cos elementos que o configuran.

- \* Bloque 5. Tecnoloxías da información e da comunicación → 15 horas

Identifica as partes dun computador.

Manexa programas e software básicos.

Utiliza adecuadamente equipamentos informáticos e dispositivos electrónicos.

Elabora, presenta e difunde proxectos técnicos sinxelos con equipamentos informáticos.

Deseña e elabora aplicacións informáticas sinxelas mediante un contorno de programación gráfico.

#### \* **CRITERIOS E PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN**

- \* Bloque 1. Proceso de resolución de problemas tecnolóxicos

Identificar e describir as etapas necesarias para a creación dun produto tecnolóxico desde o seu deseño ata a súa comercialización.

Realizar as operacións técnicas previstas nun plan de traballo utilizando os recursos materiais e organizativos con criterios de economía, seguridade e respecto polo ambiente.

✱ Bloque 2. Expresión e comunicación técnica

Representar obxectos mediante vistas e perspectivas aplicando criterios de normalización e escalas.

Interpretar esbozos e bosquexos sinxelos como elementos de información de produtos tecnolóxicos.

Explicar mediante documentación técnica as fases dun produto desde o seu deseño ata a súa comercialización.

✱ Bloque 3. Materiais de uso técnico

Analizar as propiedades dos materiais utilizados na construción de obxectos tecnolóxicos.

Manipular e mecanizar materiais convencionais asociando a documentación técnica ao proceso de produción dun obxecto, respectando as súas características e empregando técnicas e ferramentas adecuadas, con especial atención ás normas de seguridade e saúde.

✱ Bloque 4. Máquinas e sistemas: estruturas, mecanismos e circuitos eléctricos

Analizar e describir os esforzos aos que están sometidas as estruturas, experimentando en prototipos.

Identificar operadores mecánicos de transformación e transmisión de movementos en máquinas e sistemas e empregalos para deseñar e montar sistemas mecánicos.

Deseñar e simular circuitos eléctricos con simboloxía adecuada e montalos con operadores elementais.

✱ Bloque 5. Tecnoloxías da información e da comunicación

Distinguir as partes operativas dun equipamento informático.

Utilizar un equipamento informático para elaborar e comunicar proxectos técnicos sinxelos.

Deseñar e elaborar unha aplicación mediante un contorno de programación gráfico, utilizando o proceso de resolución de problemas tecnolóxicos.

✱ A avaliación de tecnoloxía neste nivel apoiarase en tres aspectos:



- Probas escritas realizadas ó longo de cada avaliación: Con todas elas farase a media aritmética contabilizando o **50%** da nota.
- Proxecto tecnolóxico: a nota de proxecto realizado na aula-taller contabilizará un **40%** na nota da avaliación.
- Actitude e traballo na clase: neste aspecto terase en conta o traballo persoal. O traballo persoal valorarase coa revisión e cualificación dos cadernos de cada alumno que pode ser diaria, semanal ou mensual segundo o criterio de cada profesor. A nota deste aspecto contabilizará un **10%** na nota da avaliación.
- A nota da terceira avaliación será a media das cualificación obtidas polo alumnado ao longo do curso. Se dita media é maior que 5 a materia considerarase superada. Se dita media é inferior a 5 farase un informe de avaliación individualizado que servirá de base para deseñar as actividades de recuperación necesarias para que o alumnado teña a posibilidade de superar a materia na avaliación final de curso.
- No caso de que o traballo na aula virtual do centro sexa importante (tipo Flipped Classroom) as porcentaxes de avaliación serán: Probas escritas **40%**, proxecto **30%** e o traballo da aula virtual **30%**.

✱ **4º ESO**

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 1. Tecnoloxías da información e da comunicación				
